

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9354 *Corrección de erros do Real decreto 238/2013, do 5 de abril, polo que se modifican determinados artigos e instrucións técnicas do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.*

Advertidos erros no Real decreto 238/2013, do 5 de abril, polo que se modifican determinados artigos e instrucións técnicas do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 89, do 13 de abril de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 10, na alínea 8.b), primeira liña, onde di: «b) Para gasóleo:», debe dicir: «b) Para gasóleo, as caldeiras estándar:». A seguir, na mesma alínea 8.b), número 2, onde di: «...a unha temperatura media da auga na caldeira igual ou superior a 40 °C: $\eta \geq 86 + 3 \log P_n$.», debe dicir «... a unha temperatura media da auga na caldeira igual ou superior a 50 °C: $\eta \geq 86 + 3 \log P_n$.».

Na páxina 10, no número 10, onde di: «10. Nas instalacións que se reformen queda prohibida a instalación de caldeiras para calefacción de combustibles fósiles que non cumpran as seguintes características:», debe dicir: «10. Nas instalacións que se reformen queda prohibida a instalación de caldeiras estándar para calefacción de combustibles fósiles que non cumpran as seguintes características:».

Na páxina 21, na táboa 3.1 Operacións de mantemento preventivo e a súa periodicidade, onde di:

| «Equipamentos e potencias útiles nominais (Pn) | Usos | |
|---|----------|----------------|
| | Vivendas | Restantes usos |
| Quentadores de auga quente sanitaria a gas $24,4 \text{ kW} \leq P_n$ | 5 anos | 2 anos |
| Quentadores de auga quente sanitaria a gas $24,4 \text{ kW} < P_n \leq 70 \text{ kW}$ | 2 anos | anual |
| Caldeiras murais a gas $70 \text{ kW} \leq P_n$ | 2 anos | anual |
| Resto instalacións calefacción $70 \text{ kW} \leq P_n$ | anual | anual |
| Aire acondicionado $12 \text{ kW} \leq P_n$ | 4 anos | 2 anos |
| Aire acondicionado $12 \text{ kW} < P_n \leq 70 \text{ kW}$ | 2 anos | anual |
| Instalacións de potencia superior a 70 kW | mensual | mensual» |

Debe dicir:

| «Equipamentos e potencias útiles nominais (Pn) | Usos | |
|---|----------|----------------|
| | Vivendas | Restantes usos |
| Quentadores de auga quente sanitaria a gas $P_n \leq 24,4 \text{ kW}$ | 5 anos | 2 anos |
| Quentadores de auga quente sanitaria a gas $24,4 \text{ kW} < P_n \leq 70 \text{ kW}$ | 2 anos | anual |
| Caldeiras murais a gas $P_n \leq 70 \text{ kW}$ | 2 anos | anual |
| Resto instalacións calefacción $70 \text{ kW} \leq P_n$ | anual | anual |
| Aire acondicionado $P_n \leq 12 \text{ kW}$ | 4 anos | 2 anos |
| Aire acondicionado $12 \text{ kW} < P_n \leq 70 \text{ kW}$ | 2 anos | anual |
| Instalacións de potencia superior a 70 kW | mensual | mensual» |

Na páxina 27, «**Apéndice 2 Normas de referencia**», na táboa, na primeira columna correspondente á «Norma», sétima fila, onde di: «UNE-EN ISO», debe dicir: «UNE-EN».